

AXUDAS MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2017 – 2018. (XUSTIFICACIÓN)

- ❖ O prazo para presentar a documentación xustificativa abrangue dende 20 de agosto de 2018 ata o 7 de setembro de 2018.

- ❖ Documentación que se debe presentar (en tódolos casos):
 - 1) Facturas orixinas dos gastos realizados en material escolar.

As facturas deberán conter os seguintes requisitos:

 - Nome, razón social, e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - Nome, enderezo e NIF ou CIF da/o beneficiaria/o da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.
 - Número de factura e data de emisión.
 - Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá facerse constar expresamente na factura.
 - Relación detallada do que se adquiriu.

Ademais, deberá acreditarse o pagamento das facturas.

 - 2) Declaración xurada de percepción ou non percepción doutras axudas (segundo o modelo establecido)

 - 3) Autorización para que o Concello obteña información de se están ó corrente nas obrigas tributarias e de Seguridade Social . No caso de non autorizar deberán achegar:
 - Certificado de estar ó corrente nas obrigas de Seguridade Social
 - Certificado de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Axencia Tributaria)

Observación: Os beneficiarios que recibiran a axuda da Xunta para material escolar, para poder percibir a contía íntegra da axuda concedida polo Concello, deberán acreditar un gasto realizado (mediante facturas) por importe igual ou superior á suma das dúas axudas (axuda Xunta + axuda Concello).

